

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONES.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

1.1.- Escrito do ADIF, Rexistro de Entrada nº 3833, de data 28 de agosto de 2007, remitindo informe fotográfico sobre a reparación da ponte da estrada de Reboreda, afectado polas obras da liña de alta velocidade “Plataforma del corredor Norte-Noroeste de alta velocidad eje: Ourense-Santiago. Tramo: Lalín-Santiago. Subtramo: Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas)”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.2.- Escrito da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3879, de data 30 de agosto de 2007, comunicando que despois da aprobación das características catastrais dos bens inmoables de natureza rústicas de Silleda, e rematado o prazo de solicitude de cédulas catastrais gratuitas se inicia un período dun mes durante o cal

os interesados poderán interpoñer reclamación económico-administrativa ou postestativamente recurso de reposición. Asimesmo agradece a disposición e esforzo realizado no período habilitado de solicitude de cédulas catastrais gratuitas, favorecendo deste modo o servicio ó cidadán.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.3.- Escrito de Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia-Ministerio de Fomento, Rexistro de Entrada nº 3878, de data 30 de agosto de 2007, devolvendo o proxecto presentado e denominado “Abastecimiento en Taboada, Margaride y Piñeiro N-525” por non cumprir as condicións técnicas esixidas a un proxecto de saneamento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.4.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 3902, de data 31 de agosto de 2007, comunicando traslado á Consellería de Política Territorial das diversas peticións relacionadas ca obra Silleda-Laro (PO-201) realizadas por este Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.5.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3890, de data 30 de agosto de 2007, remitindo análise completo da potabilidade da auga de consumo correspondente á ETAP de Bandeira.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda dar traslado deste escrito ó servicio municipal de fontanería.

1.6.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3889, de data 30 de agosto de 2007, remitindo o resultado dos análisis das augas correspondentes a saída dos depósitos de Bandeira e Silleda, realizándose ambas tomas o día 06 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda dar traslado deste escrito ó servicio municipal de fontanería.

1.7.- Escrito de Unión Fenosa Distribución, S.A., Rexistro de Entrada nº 3842, de data 29 de agosto de 2007, en relación á execución da acometida eléctrica situada en Pazos, nº de expediente 248307080077, ascendendo o seu orzamento a cantidade de 197,71 € máis IVA.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó servicio municipal de electricidade.

1.8.- Escrito de Unión Fenosa Distribución, S.A., Rexistro de Entrada nº 3843, de data 29 de agosto de 2007, en relación á execución da acometida eléctrica situada en Agro, nº de expediente 248307080085, ascendendo o seu orzamento a cantidade de 197,71 € máis IVA.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó servizo municipal de electricidade.

1.9.- Escrito de Unión Fenosa Distribución, S.A., Rexistro de Entrada nº 3844, de data 29 de agosto de 2007, en relación á execución da acometida eléctrica situada en Senra, nº de expediente 248307080082, ascendendo o seu orzamento a cantidade de 2.075,59 € máis IVA.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó servizo municipal de electricidade.

1.10.- Nomeamento de Inspector do Servizo de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Silleda

Visto o disposto na cláusula 39ª apartado.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato de concesión da xestión indirecta do servizo público de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Silleda, que dispón que “El control, la inspección y la supervisión del Servicio corresponderá al Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Silleda, quien ejercerá estas funciones mediante los Servicios Técnicos Municipales y, en su caso, el Delegado del Servicio.”

Visto asimismo o disposto na cláusula 99ª do mesmo prego, que sinala que “Si el Ayuntamiento dispusiera la designación de Inspectores del Servicio, éstos podrán revisar diariamente los trabajos realizados por el Concesionario, tendrán acceso a los locales y dependencias del mismo y les serán facilitados cuantos datos precisen relacionados con el funcionamiento de los servicios”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar ó traballador e membro dos servizos técnicos municipais, D. Ismael Blanco Couto, con DNI nº 35-258-572-D, ó abeiro do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato de concesión da xestión indirecta do servizo público de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Silleda, Inspector do Servizo público de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Silleda

2º.- Notificar o presente acordo a D. Ismael Blanco Couto e a Espina & Delfín S.L., como empresa concesionaria da xestión integral do servizo.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o cambio do técnico director da obra da denominada “Mellora do Alumeado Público” do PAM/06-07-08, nomeando como novo Director das obras ó Arquitecto Municipal Dº José Luis Rodríguez González, e notificar o presente acordo á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

2.2.- Escrito de Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 3155, de data 10 de xullo de 2007, en calidade de adxudicatario da obra denominada “Saneamento Rúa Xeral en Bandeira - 2ª Fase”, do POL/05, solicitando devolución da fianza definitiva da mencionada obra, polo importe de 3.846,48 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á devolución da fianza definitiva anteriormente mencionada.

2.3.- En relación a obra obra incluída no PAM/05, nº 178/100 denominada “Transformador para alumeadado glorieta CN-525” de libre disposición, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda renunciar á subvención otorgada para esta obra, así como comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

2.4.- Dase conta da factura nº 10, de data 30 de xuño de 2007, presentada por Carlos Rey Domínguez (Construcciones Carlos Rey), Rexistro de Entrada nº 3195, de 13 de xullo de 2007, correspondente á obra “Ampliación do Auditorio Municipal de Bandeira”, por un importe total de factura de 60.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a esta factura a comunicar o mesma á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

2.5.- Dase conta do proxecto confeccionado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, de data Agosto de 2007, denominado “**Modificado de Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y otros servicios. (Fiestras, Martixe, Breixa, Manduas, Silleda, Moalde, Cervaña, Lamela, Laro, Taboada y Viviendas Sociales de Silleda)**” e que ascende a cantidade de 183.001,00 €.

Visto que o proxecto inicial, correspondente ó PAM/06-07-08, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión de 27 de decembro de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a esta modificación denominada “Modificado de Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y otros servicios. (Fiestras, Martixe, Breixa, Manduas, Silleda, Moalde, Cervaña, Lamela, Laro, Taboada y Viviendas Sociales de Silleda)” do PAM/06-07-08 e comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- SUBVENCIONES.-

3.1.- Dase conta do escrito da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 3920, de data 31 de agosto de 2007, comunicando que mediante resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de acordo co disposto na Orde do 15 de febreiro de 2007, acordouse ceder a este Concello, para o desempeño das funcións de Policía Local, un vehículo todo terreo de cor branca, rotulado de conformidade co Decreto 204/2000,d e 21 de xullo, equipado con ponte luminosa, luces rotativas, amplificador de sirena e altafalante de 100w, cartel central iluminado e cartel de policía local homologado de

conformidade coa norma R-65.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Acepta-la subvención e as condicións a que se refire o artigo 7, parágrafo 3 da Orde do 15 de febreiro de 2007, que son as seguintes: “Comprometerse a facer fronte aos gastos de seguros, mantemento, conservación e ás indemnizacións derivadas de posibles declaracións de responsabilidade civil ou criminal polo uso dos vehículos, calquera que sexa a súa contía”.

3.2.- Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Visto que se considera convinte por ésta xunta de goberno efectuar a convocatoria e concesión das subvencións para actividades culturais e deportivas .

Visto o informe de Secretaría emitido en data 31 de agosto de 2.007, no que se indica a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto o informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de tales subvencións.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 23 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Efectuar a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de actividades culturais e entidades deportivas, aprobando a estes efectos, as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais e as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para entidades deportivas, cuxo texto literalmente dí o seguinte:

“BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDADA.

As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para a realización de actividades culturais desenroladas por asociacións e entidades do Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, así como á Ordenanza Xeral de Subvenciones do Concello de Silleda e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones establece un novo marco de actuación nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvenciones que otorguen as Entidades que integran a Administración Local

rexiranse polas prescripci3ns contidas nesta Lei, engad3ndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvenci3ns das Corporaci3ns Locais deberanse aprobar no marco das bases de execuci3n do presuposto, a trav3s dunha Ordenanza Xeral de Subvenci3ns ou mediante unha Ordenanza espec3fica para as distintas modalidades de subvenci3n.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvenci3ns do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de car3cter xeral 3s que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

3 amparo de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no 3mbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumplan os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociaci3ns culturais , coa finalidade de contribuir 3 fortalecemento do tecido social e 3 promoci3n da calidade de vida e do benestar dos cidad3ns do Concello.

Estas Bases reguladoras establecen os principios inspiradores da xesti3n das subvenci3ns, su r3ximen xur3dico, financiaci3n, requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias, criterios de valoraci3n das solicitudes e a s3a forma de acreditaci3n, as obrigas das entidades que resulten beneficiarias da subvenci3n, as3 como as responsabilidades en que poder3an incurrir as mesmas en caso de incumprimento. Igualmente establecense as normas xerais sobre presentaci3n de solicitudes, documentaci3n a aportar, instrucci3n do procedemento, composici3n da Comisi3n de Valoraci3n e tramitaci3n ata a s3a resoluci3n no prazo m3ximo de seis meses. Finalmente as Bases contemplan a xustificaci3n das subvenci3ns, documentaci3n acreditativa do destino da subvenci3n e os casos en que proceder3 a devoluci3n das cantidades percibidas por este concepto.

Artigo 1.—Obxecto

As presentes bases te3nen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e conces3n de subvenci3ns, en r3xime de concorrencia, para o fomento de actividades culturais no Concello de Silleda, desenroladas por entidades ou asociaci3ns con sede no Concello, e sempre que te3nan interese p3blico, comprendendo tanto a realizaci3n de actividades culturais que beneficien 3 Concello, coma os gastos de funcionamento daquelas entidades ou asociaci3ns de maior entidade e tradici3n con sede no Concello de Silleda que ve3nen realizando actividades que redunden en beneficio do Concello.

Entenderase que as actividades benefician 3 Concello cando a participaci3n nas mesmas sexa libre para todos aqueles veci3os que o soliciten.

Artigo 2.—Beneficiarios

Con car3cter xeral, ter3 a consideraci3n de beneficiario de subvenci3ns a persoa f3sica ou xur3dica que realice a actividade que fundament3 o seu outorgamento ou que se atope na situaci3n que lexitima a s3a conces3n

Poder3n obter a condici3n de beneficiario das subvenci3ns reguladas nas presentes bases as asociaci3ns ou entidades culturais , que realicen a s3a actividade sen 3nimo de lucro e

estean inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre que teñan a súa sede no termo municipal de Silleda e realicen a maior parte da súa actividade no mesmo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 3.—Gastos subvencionables e contía da subvención

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes á realización das actividades ou ó funcionamento da entidade ou asociación, tales como suministros, desprazamentos, profesorado, e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 50% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera esta porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

As subvencións para entidades ou asociacións culturais faranse efectivas con cargo ás seguintes partidas e cos importes globais de crédito que se especifican a seguir (en euros):

Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumpran os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamentos, etc.).

OBXECTO PARTIDA CRÉDITO DISPOÑIBLE

As subvencións para actividades culturais faranse efectivas con cargo á partida 451.48901 do presuposto do Concello de Silleda para o exercicio 2.007, ata unha contía global do crédito de 40.000,00 euros.

Artigo 4.—Presentación de solicitudes

Os interesados en acollerse ás subvencións reguladas nestas bases, presentarán solicitude, dacordo co modelo que se lles facilitará nas dependencias do Concello, dirixida á Alcaldesa do Concello de Silleda, dentro do prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. No momento da solicitude, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude, referida no apartado anterior, asinada polo representante legal da persoa xurídica.*
- b) Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (C.I.F).*
- c) Memoria explicativa das actividades a desenrolar durante o exercicio 2007.*
- d) Orzamento detallado de ingresos e gastos, con expresión do financiamento previsto.*
- e) Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento*

da actividade por calquera Administración ou Entidade pública ou privada, quedando obrigados a comunicar tan pronto como lles sexa coñecida a concesión en data posterior á solicitude, e en todo caso no momento da xustificación.

f) Fotocopia dos estatutos da entidade ou clube, así como Fotocopia do acordo que confira a representación da entidade á persoa ou persoas que asinan a solicitude, xunto con copia do DNI destes.

g) Certificación expedida polo Secretario da asociación ou entidade, co visto e prace do Presidente, na que se faga constar o número de afiliados á mesma, así como o de persoas inscritas nas diferentes actividades organizadas por ésta nos dous últimos exercicios.

h) Certificación bancaria dos datos dunha conta da titularidade da entidade ou clube, na que se poida facer efectivo o importe da subvención.

i) Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións.

j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal ou autonómica, nin á Seguridade Social.

k) Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda.

Artigo 5.—Enmenda de defectos

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días emnende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo 6.—Instrucción

1.- A instrucción do procedemento corresponderalle á Alcaldesa ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrucción, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas.

O instructor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instructor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación das solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.- A Comisión de Valoración, estará integrado polo seguintes membros, con voz e voto:

- a) A Alcaldesa-Presidenta da Corporación: Dona Paula Fernández Pena*
- b) O Concelleiro de Cultura e de Obras: D. Manuel Cuiña Fernández.*

c) *O Concelleiro de de Xuventude, Deporte e Sanidade: D. Javier Cuiña Maceira*

Artigo 7.—Resolución

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución definitiva notificarase ós interesados e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

Artigo 8.—Criterios de avaliación de solicitudes

A concesión de subvencións e a súa contía determinarase en función dos seguintes criterios:

- 1-Fomento e difusión da cultura entre os rapaces e a xuventude: Ata 10 puntos .*

- 2- Participación en actividades realizadas por el Ayuntamiento: Ata 10 puntos.*

Valorarase neste apartado a colaboración e participación gratuita con actividades organizadas desde o Concello de Silleda.

- 3-Número de participantes nas actividades organizadas pola asociación ou entidade nos dous últimos exercicios: Ata 5 puntos*

- 4-Número de afiliados: Ata 5 puntos .*

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ó prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre as asociacións ou entidades que resulten beneficiarios da subvención dentro da modalidade de subvención de sostenemento de asociacións ou entidades, en función da puntuación acadada na aplicación dos precedentes criterios.

No suposto de organización de actividades, determinarase o importe da subvención en función da porcentaxe máxima do 50% sobre a cantidade solicitada ata o límite do crédito total existente, prorrateándose o importe máximo do crédito entre as distintas solicitudes se a Xunta de Goberno Local o decide á vista do número de solicitudes e á especial transcendencia e interese social das actividades.

Artigo 9.—Xustificación e pagamento

Na modalidade de organización de actividades, a xustificación deberá realizarse, dentro do

prazo de tres meses dende o remate da actividade subvencionada.

Na modalidade de Funcionamento de asociacións ou entidades, a xustificación deberá producirse antes do día 31 de xaneiro de 2008.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade.

A xustificación deberá revestir a forma de conta xustificativa, que deberá incluír os seguintes apartados:

- Memoria das actividades realizadas.*
- Estado detallado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que financiaron a actividade.*
- Estado detallado de gastos, no que figuren individualizadamente e polo seu custe unitario todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificante e dos documentos acreditativos do pago.*
- Copia da resolución de concesión.*
- Acreditación da debida publicidade do carácter público da financiación.*

Os gastos acreditaranse mediante facturas ou documentos substitutivos de igual eficacia probatoria no tráfico xurídico, acompañadas de declaración xurada do beneficiario ou o seu representante acreditativa de que os gastos documentados neses xustificantes se aplicaron á actividade subvencionada.

A conta xustificativa pasarase á Intervención para o seu informe, e unha vez informada elevarase á Xunta de Goberno Local, que decidirá sobre a corrección e suficiencia da xustificación, instando en caso contrario a iniciación do expediente de reintegro, dacordo co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subveccións, e demais normativa aplicable.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas que desenrolen a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como á Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuación nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que otorguen as Entidades que integran a Administración Local rexiranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter

xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó amparo de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumplan os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades deportivas, coa finalidade de contribuir ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

Estas Bases reguladoras establecen os principios inspiradores da xestión das subvencións, su réxime xurídico, financiación, requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias, criterios de valoración das solicitudes e a súa forma de acreditación, as obrigas das entidades que resulten beneficiarias da subvención, así como as responsabilidades en que poderían incurrir as mesmas en caso de incumprimento. Igualmente establece as normas xerais sobre presentación de solicitudes, documentación a aportar, instrucción do procedemento, composición da Comisión de Valoración e tramitación ata a súa resolución no prazo máximo de seis meses. Finalmente as Bases contemplan a xustificación das subvencións, documentación acreditativa do destino da subvención e os casos en que procederá a devolución das cantidades percibidas por este concepto.

Artigo 1.—Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para o fomento de actividades deportivas no Concello de Silleda desenroladas por entidades ou clubs deportivos con sede no Concello.

Artigo 2.—Beneficiarios

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentó o seu outorgamento ou que se atope na situación que llexítima a súa concesión

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases os clubs ou entidades deportivas locais de carácter federado, que realicen a súa actividade sen ánimo de lucro e estean inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre que teñan a súa sede no termo municipal de Silleda e realicen a maior parte da súa actividade no mesmo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 3.—Gastos subvencionables e contía da subvención

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, suministros e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 50% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumpran os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamentos, etc.).

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera esta porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

As subvencións para entidades ou clubs deportivos faranse efectivas con cargo á partida 452.48900 do Presuposto do Concello de Silleda para o exercicio 2007, ata unha contía global do crédito de 26.000,00 euros.

Artigo 4.—Presentación de solicitudes

Os interesados en acollerse ás subvencións reguladas nestas bases, presentarán solicitude, dacordo co modelo que se lles facilitará nas dependencias do Concello, dirixida á Alcaldesa do Concello de Silleda, dentro do prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín oficial da Provincia. No momento da solicitude, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

a) Solicitude, referida no apartado anterior, asinada polo representante legal da persoa xurídica.

b) Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF).

c) Memoria explicativa das actividades a desenrolar durante o exercicio 2007.

d) Orzamento detallado de ingresos e gastos, con expresión do financiamento previsto.

e) Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e praxe do Presidente, no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento da actividade por calquera Administración ou Entidade pública ou privada, quedando obrigados a comunicar tan pronto como lles sexa coñecida a concesión en data posterior á solicitude, e en todo caso no momento da xustificación.

f) Fotocopia dos estatutos da entidade ou clube, así como fotocopia do acordo que confira a representación da entidade á persoa ou persoas que asinan a solicitude, xunto con copia do DNI destes.

g) Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó clube ou entidade, ou no seu defecto copia compulsada das citadas fichas federativas, ademáis de certificación de que o propio clube ou entidade se atopa federado.

h) Certificación bancaria dos datos dunha conta da titularidade da entidade ou clube, na que se poida facer efectivo o importe da subvención.

i) Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións.

j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal ou autonómica, nin á Seguridade Social.

k) Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda.

Artigo 5.—Enmenda de defectos

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días enmende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo 6.—Instrucción

1.-A institución do procedemento corresponderalle ó Alcalde ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrucción, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instructor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións,

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instructor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación das solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.- A Comisión de Valoración, estará integrado polo seguintes membros, con voz e voto:

- a) A Alcaldesa-Presidenta da Corporación: Dona Paula Fernández Pena*
- b) O Concelleiro de Cultura e de Obras: D. Manuel Cuiña Fernández.*
- c) O Concelleiro de de Xuventude, Deporte e Sanidade: D. Javier Cuiña Maceira*

Artigo 7.—Resolución

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución definitiva notificarase ós interesados e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O

vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

Artigo 8.—Criterios de avaliación de solicitudes

A concesión de subvencións e a súa contía determinarase en función dos seguintes criterios:

1- Fomento do deporte base e das escolas deportivas: Ata 10 puntos .

2- Participación en actividades realizadas polo Concello: Ata 10 puntos.

Valorarase neste apartado a colaboración e participación gratuita con actividades organizadas desde o Concello de Silleda.

3-Número de participantes nas actividades organizadas pola asociación ou entidade nos dous últimos exercicios: Ata 5 puntos

4-Número de deportistas federados afiliados o clube ou entidade: Ata 5 puntos .

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ó prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubes ou entidades deportivas que resulten Beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos precedentes criterios.

Artigo 9.—Xustificación e pagamento

Os beneficiarios deberán xustificar-la aplicación da subvención correspondente ó exercicio 2007 como data límite antes do 31 de xaneiro de 2008, como condición previa á percepción da subvención concedida.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade.

A xustificación deberá revestir a forma de conta xustificativa, que deberá incluír os seguintes apartados:

- Memoria das actividades realizadas*
- Estado detallado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que financiaron a actividade.*
- Estado detallado de gastos, no que figuren individualizadamente e polo seu custe unitario todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificante e dos documentos acreditativos do pago.*
- Copia da resolución de concesión.*
- Acreditación da debida publicidade do carácter público da financiación.*

Os gastos acreditaranse mediante facturas ou documentos substitutivos de igual eficacia probatoria no tráfico xurídico, acompañadas de declaración xurada do beneficiario ou o seu

representante acreditativa de que os gastos documentados nesas xustificantes se aplicaron á actividade subvencionada.

A conta xustificativa pasarase á Intervención para o seu informe, e unha vez informada elevarase á Xunta de Goberno Local, que decidirá sobre a corrección e suficiencia da xustificación, instando en caso contrario a iniciación do expediente de reintegro, dacordo co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa aplicable.”

SEGUNDO. Publicar a mencionada convocatoria no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Licencias de Obra Maior:

4.1.1.-A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: CONSTRUCASA GALICIA, S.L., con domicilio na rúa Avda. do Parque, nº 33 - Entrp. Ofc. 2 (Silleda).
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construcción dun edificio composto de tres plantas soto para garaxe-aparcadoiro, planta baixa para locais comerciais, tres plantas altas para 31 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros. Proxecto básico visado polo Colexio Oficial correspondente en data 10 de agosto de 2007.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: rúa Avda. do Parque, nº 48 (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitectos Dº Salvador Fraga Rivas, Dº Manuel Portolés Sanjuán e Dº F. Javier García-Quijada Romero (non consta dirección de obras).
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 1.540.000,00 □□□ (execución material edificio), 30.800,00 □□□ (execución material seguridade e saúde), 1.540,00 □□□ (execución material control de calidade).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 28 de agosto de 2007, no que se sinala:

“1º.- Á cesión a este Concello da franxa de terreo especificada no punto 6º.b deste informe. (6º.b.- No relativo a apertura de luces e vistas sobre SUNC (lindeiro oeste), aportarase xustificación a tal acción, si ben deberase ceder a este Concello a franxa de terreo (5.50 metros) en SUNC lindante ca parcela polo oeste sobre a que se establece a servidumbre).

2º.- *A presentación do Proxecto de Execución (asinado por técnico competente e*

visado polo Colexio profesional correspondente).

3º.- Á presentación do Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).

4º.- Á presentación do Estudio de Seguridade e Saúde (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).

5º.- Á presentación do oficio de Dirección Técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).

6º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servicios urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servicios municipais.

A non presentación da documentación solicitada entenderase informe desfavorable de caa á concesión da licenzia de obra.

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenzia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licenzia e data da licenzia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licenzia 3657/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 35.377,65 € que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.2.- Actividades Clasificadas:

4.2.1.- Examinado o expediente promovido por LA CAIXA, en virtude de instancia nº 1363 de data 30 de marzo de 2007, solicitando Licenzia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a oficina bancaria, situado na rúa Avda. do Parque, nº 18 baixo (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Dº José David Collazo Dubra, visado polo Colexio Oficial en data 10 de abril de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no

expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 22 de agosto de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1363/07 instada por LA CAIXA, para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a oficina bancaria, situado na rúa Avda. do Parque, nº 18 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

5.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D^a Carmen López Montero, con domicilio no lugar de Paradela, nº 14, parroquia de Martixe (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D^a Carmen López Montero.

5.2.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D^o Marcelino Cuiña Fernández, con domicilio no lugar de Gamil, nº 8, parroquia de Margaride (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D^o Marcelino Cuiña Fernández.

6º.- INTERVENCIÓN.-

Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00006-07, de data 31 de agosto de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 8.226,37 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,